

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 06/07/1972

Colección:

Data: 06/07/1972

De:

Luís Seoane;

Para:

Fernando Pereira Caamaño;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Montevideo (local), Montevideo (departamental), Uruguai (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Mencionados:

Eladio Dieste; Xosé Luís Méndez Ferrín; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Fernando Pereira Caamaño do 06/07/1972

Buenos Aires, 6 de xulio de 1972

Sr. D. Fernando Pereira
Montevideo

Querido amigo:

Acabo de recibir a súa carta de onte (5/VI) e confírmolle o meu fastidio por toda crase de táboas redondas. Négome decote a elas. Fago con moito gusto dibuxos ou escribo sobor determinadas cousas encol de Galicia, mais négome a falar e intervir en actos onde ten de improvisarse e as respostas son productio soio da necesidade de responder, pra non quedar mal, e non dun análise calmo. Mais por esta úneca vez, acepto, sempre acrarando que non son orador e o digo porque é verdade que lles teño manía ós oradores. Que poña o tema Eladio Dieste. Pódese referir a arte

galega si a el lle gusta o tema, ou ó arte popular, encol do ornamento en arquitectura, etc., ou a todo esto si lles parece.

O libro de Heriberto Bens quedou bastante ben. Gostaríame ter dos ou tres exemplares máis. Estarei ahí o sábado 29. Dependo para sere máis concreto das noticias súas.

Moitos saúdos pra súa dona e vostede de Maruxa e meus, e unha aperta de:

[Seoane]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.